



# ECO-IDEAS ADEGA

Consellos e ideas educativas para pasar na casa a corentena do Covid19



## FAI O TEU PROPIO XABRÓN DE CINZA

### Os principios

O xabrón de cinza é produto da saponificación das graxas cun álcali, neste caso empregaremos a lixivia de cinza, composta por KOH (ou Hidróxido Potásico). Para obter a lixivia, mestúranse a cinza, rica en Carbonato Potásico ( $K_2CO_3$ ) con auga, sendo o produto resultante o Hidróxido Potásico. O poder deterxente da lixivia depende do tipo de madeira empregada, será máis efectiva a fabricada con madeiras duras, como por exemplo de carballo ou noqueira, que a fabricada con madeiras brandas como a do piñeiro.

### Os usos

A lixivia obtida pode ser empregada como limpador doméstico, da cociña, da louza, da colada, ou aditivo con acción branqueadora na lavadora.

Agregando unhas gotas de vinagre pode empregarse para limpar madeira, cobre, plástico, e as zonas con mancha de humidade.

Tamén actúa como insecticida orgánico mesturando unha parte de lixivia con dúas de auga.

O xabrón, pode empregarse para lavar a louza, roupa e superficies.

A pasta obtida no filtrado das cinzas pódese empregar para limpar a louza ou superficies non delicadas.

### OBXECTIVOS:

Fabricar o teu propio xabrón de cinza

Coñecer unha maneira tradicional de fabricar xabrón

Pór en valor os refugallos domésticos

### INGREDIENTES:

Cinza branca de madeira dura  
Auga  
Graxa

### MATERIAIS:

Peneira  
Pota, evitar o ferro e aluminio  
Pano de algodón de trama grosa  
Culler ou pau de madeira  
Cazo  
Bote de vidro  
Envase para o xabrón  
Pano ou toalla  
Luyas  
Máscara

### RECURSOS:

Vídeo explicativo:  
[https://youtu.be/\\_8ZxtqTYwP0](https://youtu.be/_8ZxtqTYwP0)

## A LIXIVIA DE CINZA

2 ou 3 partes de auga  
1 parte de cinza

**Para traballar con seguridade é preciso empregar luvas, xa que o produto resultante é unha substancia moi alcalina, e pode producir queimaduras.**

O primeiro paso é peneirar as cinzas, separando os residuos negros de carbón. **É aconsellable o emprego dunha máscara para non inhalar as cinzas.**

Para saber a cantidade de cinza necesaria, basta con colocar unha pataca na mestura coa auga, e ir botando cinza pouco a pouco ata que a pataca aboie.

Podes mesturar as cinzas coa auga, e deixar repousar uns días, ou ben, para axilizar o proceso, quentar a auga (nunha pota que non sexa nin de ferro nin de aluminio) e verter a cinza, mesturando até que ferva. Deixar cocer a lume baixo durante 2 ou 3 h.

Antes de coar a lixivia, deixa que o material sólido se deposite no fondo. Vai retirando cun cazo a parte líquida superior para un envase de vidro. O resto cóao coa axuda dun pano de algodón.

## O XABRÓN DE CINZA

1 l de lixivia  
300g de graxa de porco

Quéntase a lixivia nunha pota ata que se reduza á metade o seu volume. Nese punto engadir a graxa, e remexer a mestura a lume baixo ata que teña consistencia pastosa e se separe das paredes do recipiente.

Botar o produto nun envase para que o xabrón madure. Déixao tapado 24h cun pano ou unha toalla para manter máis tempo a temperatura e non teña un descenso brusco. Pasado ese tempo retirar o pano. Pasada unha semana xa podes desmoldar o xabrón. Neste período, cando o xabrón aínda está brandiño, podes cortalo, para facer unidades máis pequenas. Déixao repousar durante quince días nun lugar seco, para garantir que a saponificación chegue a termo.

Xa tes listo o teu xabrón de cinza!

